

ARXILOSA, Elvira Riveiro Tobío
Hipocampo Amigo, Poesía, 2005

Na décimo sétima canfurna do amigábel cabaliño de mar chocou Elvira Riveiro o poemario “Arxilosa”, riolada de versos quecidos coas afagadoras mans do onírico: *Se adormezo entre vasillas/é porque elas conteñen/soños frescos e húmidos/que se desvelan na aurora*. Mais, a demiúrxica riveirá modelou asemade mesto cardume de imaxes, rabuñadas coas agudas poutas da crúa consciencia: *Un teto telúrico aleita/este pesado corpo de sumidoiro*.

Arxilosa

Elvira, oleira da palabra, artesá laboriosa e silandeira fornece desta volta o enxoval do íntimo deslindando os recipientes onde dispor o xaxún e a fame cotiáns: *sempre en volta o torno/mais diferente derrota/sempre*.

*A roda do cacharreiro
non che é como a de afiar;
anda sen facer chispas
e sen sequera fungar.*

A poeta intúe a sabenza antiga, queda, dos corpos rixos no alzádeiro, mais tamén a súa deriva no torno, roda viva. A poeta é sabedora da teima corpórea por escachar en millaras fecundadas pola saudade: *Tiña pronta a barbotina/para facerche sobre a pel/caligrafía/agora/podrecendo de ausencia/amontóase no balde/tanta perda/tanta arxila!*

Coñece, a nosa autora, a caprichosa xeografía da materia mol e acomete, pairando na afouteza, o mergullo no abismo da súa esencia: *Albíscome tan vizosa/que podería cocer un exército de estatuas/baixo os calcaños/e despois a lingua de pincel/como unha anguía/vernizar en cada imaxe/os orificios*.

Eva prometeica, usurpadora da alquimia secreta, xenerosa barreira, esgaza no lance da *Arxilosa* a súa anatomía e enxerta no lodo fértil da metáfora a costela do castigo: *Eu non son unha deusa/mais podo crearte en barro/e logo abandonarte nun edén terrorífico*, e da redención: *Para a túa voz as horas e os días,/para min ser oleira desas horas*.

*O oficio de cacharreiro
é oficio nobre e bizarro;
deus, o primeiro cacharreiro,
o home, o primeiro cacharro.*

Poema

No proemio do segundo acto da súa traxedia lírica, Elvira Riveiro amósase bisonte e litúrxico cazador. Íspese estrofa maldita, creador e criatura, monstro bicéfalo. En diabólica simbiose, acósase, captúrase, tortúrase até o esvaecemento. Fite a fite, predador e presa,

devecen cegos nunha hemorraxia metapoética na procura da verdade desacougante: *Cal entón o obxectivo do poema?/Xerar o dragón./Percutir na cerviz coa linguaxe./Cravar a rosa no ollo que nos olla.*

No decálogo subseguinte, Elvira, de novo artesá, mais tamén sacerdotisa e año, investida no seu obradoiro de formas, inmólase, vítima propiciatoria. O seu sacrificio achéga luz á cabalística da creación e, coma relampo, proxecta no baleiro o roteiro da descuberta: *Non son eu, é a palabra/que me indaga/e me abre de parte a parte/dada volta sobre o limo que fica/latexante/viscoso/febril/canda o poema.*

Espazos protexidos

Eis o transo do sagrado. Ao longo da natureza fragmentada en media ducia de horizontes, o verso riveirá proponlle ao lector o xogo da omnipresencia. A poeta revélalle o misterio mimético da fronde, incítalo a estricarse so a poalla que tomba encol do ermo, catapúltalo cara a vertixe, faino participe da abrasión que unxe e esfolia, distíngueo morgado das galaxias, e entrégao, finalmente, espido, para ser galeado polo capón caducifolio do paraíso: *que nos deixen nus encol do pasto/a cadora mudando a pel caduca/baixo un sol de acevos florecidos.*

De certo o silencio, se callar a palabra

Cativos da lanterna máxica, enrolámonos arestora na fantasmagoría da singradura epidérmica: *máis rúas a andar/sobre o abdome/euritmia/non sei cantas mans sachando.*

Aproamos o fado ancorados á arañeira isobárica, sulcando o útero dunha madona antropofáxica, doce barbantesa: *boneco insulso/emparedete nun cuarto sen sexo e sen palabras/e o meu bebé asasinoute/nunha poza de costro e de salitre.*

A trasfega da maternidade sublílmase nun cerimonial vampírico e a nai, posuída pola noite dos instintos, reprégase coma cóbrega sibilante, coma leirón engaiolado: *logo aquela boca sen dentes sorbía e sorbía/e era sangue entón a dimanar pola pel mol/até facerse corgo no embigo [...] tento volver ao útero/por librarme dos ouveos/pero non cabemos/eu e todos os embrións/que acabarán sendo derramados.*

A salmoira das naumaquias acirra as feridas e a femia océano, adoecida, arbora os baixíos, tolda as constelacións, abate o rumbo: *un acorar de silencio/sobrevén antes do silencio/definitivo.*

*Apúrate, miña roda,
dálle un aire ao teu andar,
que xa está chegando a noite
e o barro sen acabar.*

Con “Andar ao leu” e “Arxilosa”, ambos os dous poemarios editados en 2005, a imaxinaría da creadora pontevedresa, atinxe por fin o fornello do papel impreso. Fíxoselle daquela xustiza a unha das máis inspiradas voces da nación poética. Fíxoselle xa que logo

xustiza á caterva de corpos abertos que arelabamos a materialización fetichista dos seus demos, malia que Elvira Riveiro nos agasalle cun envelenado presente, delicada porcelana enornada co único desexo de *cravarnos o berro nas pupilas*.

Calros Solla